

CONVOCATORIA DE CURSO DE ARBITRO/A AUTONÓMICO DE MARCHA NÓRDICA 2022 DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (HOMOLOGADO EEAM)

A Federación Galega de Montañismo (FGM) convoca un curso de formación e titulación para todos os federados galegos/as que estiveran interesados/as na labor da arbitrase nas competicións de marcha nórdica.

Este curso contará coa homologación da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), a través da Escuela Española de Alta Montaña (EEAM), que servirá para que no futuro calquera titulado/a neste curso poda optar ás titulacións estatais correspondentes, xa que este curso é o primeiro chanzo, de nivel autonómico.

Dende fai anos, a FEDME require para optar á titulación estatal esta titulación autonómica (coa homologación da EEAM), así como experiencia previa no eido do arbitrase autonómico.



1. **Titulación:** "Árbitro/a Autonómico/a de Marcha Nórdica da Federación Galega de Montañismo"
2. **Obxectivo do curso:** dotar a Galicia dun cadro de árbitros/as coa formación técnica e titulación axeitada, para cubrir as necesidades de arbitaxes nas distintas probas de marcha nórdica en Galicia.
3. **Competencias da titulación:** aquelas que se establece no Regulamento Oficial da FGM no eido da Marcha Nórdica.
4. **Coordinador e dirección do curso:** organiza a FGM e imparte a EGAM, coa coordinación do técnico da EGAM David Pérez Araújo, e a dirección de Eduardo Gaviño.
5. **Prazas ofertadas:** máximo de 15 prazas presenciais, aínda que o número mínimo de alumnos/as para que se imparta o curso é de 10.
6. **Prezo:** O custo por alumno/a é de 80 € e inclúe dereitos de participación no curso, dereitos de avaliación (1 convocatoria ordinaria), documentación, título final para aprobados/as. Non inclúe aloxamentos nin manutención.
7. **Lugar e datas:** o curso organizarase o venres 16/IX (online), sábado 17/IX (presencial) e 18/IX (presencial) do 2022 no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra en horario de 09.30 h a 14.30h e de 16.00h a 21.00 h.
8. **Parte online:** como parte obrigatoria previa, todo o alumnado ten que participar e superar o curso online de "Dopaje, lo que debes saber" da Agencia Española de protección de la Salud en el Deporte (AEPSAD) que podes atopar na web <https://cursos.celad.gob.es> e achegar o certificado de telo superado ao inicio da fase presencial.
9. **Contidos, carga horaria e profesorado:**
 1. Estructura federativa (2h)
 - 1.1. Obxectivo: Dar a coñecer a estrutura organizativa da Federación, as funcións de cada unha das áreas, estamentos e departamentos, Estatutos, sistemas de elección de cargos, etc.
 - 1.2. Contido: Organigrama federativo, Estatutos, regulamentos internos, funcións, comité de árbitros, estrutura, funcións, normas de funcionamento.
 - 1.3. Profesorado: David Pérez Araújo, técnico da EGAM e técnico deportivo municipal.
 - 1.4. Horario: Online o venres 16/IX dende as 16.00h ata as 18.00h
 2. Organización de competicións I (1h)
 - 2.1. Obxectivo: Coñecer como é a organización dunha competición por dentro, a súa estrutura básica, as diferentes áreas que a compoñen, como marcar os obxectivos, busca de patrocinio, etc.



- 2.2. Contidos: Organigrama básico da organización dunha competición. Funcionamento das distintas áreas da organización da competición. A seguridade na competición. A comunicación na carreira, sistemas de comunicación, protocolo ante accidentes.
- 2.3. Profesorado: David Pérez Araújo, técnico da EGAM e técnico deportivo municipal.
- 2.4. Horario: Online o venres 16/IX dende as 18.00h ata as 19.00h
3. Protección do medio ambiente (1h)
 - 3.1. Obxectivo: Concienciar da importancia da protección do medio ambiente, e afondar especialmente nos puntos do regulamento no que se fai referencia a elo.
 - 3.2. Contidos: Lexislación medioambiental, normas de comportamento, coidados especiais, etc.
 - 3.3. Profesorado: Katya Sanz, directora da EGAM e profesional do O.A. Parque Nacional das Illas Atlánticas.
 - 3.4. Horario: Online o venres 16/IX dende as 19.00h ata as 20.00h
4. Entorno legal das competicións (1h)
 - 4.1. Obxectivo: Dar a coñecer ás responsabilidades que se adquiren como árbitro/a dende o momento de aceptar o percorrido da carreira, que regulamentación deben cumprir a organización, a normativa que ampara e rexe o deporte, etc.
 - 4.2. Contidos: Lexislación deportiva, e lexislación sobre federacións deportivas.
 - 4.3. Profesorado: Alejandro López Sánchez, técnico da EGAM e avogado.
 - 4.4. Horario: Online o venres 16/IX dende as 20.00h ata as 21.00h
5. Organización de competicións II (1h)
 - 5.1. Obxectivo: Coñecer como é a organización dunha competición por dentro, a súa estrutura básica, as diferentes áreas que a compoñen, como marcar os obxectivos, busca de patrocinio, etc.
 - 5.2. Contidos: Organigrama básico da organización dunha competición. Funcionamento das distintas áreas da organización da competición. A seguridade na competición. A comunicación na carreira, sistemas de comunicación, protocolo ante accidentes.
 - 5.3. Profesorado: David Pérez Araújo, técnico da EGAM e técnico deportivo municipal.
 - 5.4. Horario: Sábado 17/IX dende as 09.30h ata as 10.30h
6. Regulamento de competicións de Marcha Nórdica (4h)
 - 6.1. Obxectivo: Dotar do máximo nivel de coñecemento de cada un dos puntos do regulamento e as súas posibles interpretacións, analizando e estudando casos prácticos.
 - 6.2. Contidos: Regulamento de Competición de Marcha Nórdica.
 - 6.3. Profesorado: Eduardo Gaviño, coordinador de árbitros de marcha nórdica FEDME.
 - 6.4. Horario: Sábado 17/IX dende as 10.30h ata as 14.30h
7. Práctica de técnica de arbitraje en Marcha Nórdica (4h)
 - 7.1. Obxectivo: Consensuar os parámetros mediante os cales se poden, ou non, impor sancións aos deportistas.
 - 7.2. Contidos: Análise de situacións concretas nas que determinar comportamentos sancionabeis.
 - 7.3. Profesorado: Eduardo Gaviño, coordinador de árbitros de marcha nórdica FEDME.
 - 7.4. Horario: Sábado 17/IX dende as 16.00h ata as 20.00h
8. Xestión de resultados e reclamacións (3h)
 - 8.1. Obxectivo: como xestionar os resultados, distintos sistemas de toma de tempos existentes, comentando as particularidades de cada un deles, e concienciar sobre a importancia dos pasos previos, é dicir a correcta toma de datos dos participantes.
 - 8.2. Contido: toma de tempos, actas, follas e procedemento de reclamacións, penalizacións.
 - 8.3. Profesorado: Eduardo Gaviño, coordinador de árbitros de marcha nórdica FEDME.
 - 8.4. Horario: Sábado 17/IX dende as 20.00h ata as 21.00h e o Domingo 18/IX dende as 09.30 ata as 11.30h
9. Sinalización e marcaxe de percorridos (3h)
 - 9.1. Obxectivos: Aprender a deseñar un itinerario correcto, que cumpra co regulamento, unificar criterios de marcaxe, utilización de materiais, etc.



- 9.2. **Contido:** A materia dividirase en dúas partes, unha primeira teórica e unha segunda parte de traballo de campo poñendo en práctica todas as aprendizaxes do curso.
- 9.3. **Profesorado:** Eduardo Gaviño, coordinador de árbitros de marcha nórdica FEDME.
- 9.4. **Horario:** Domingo 18/IX dende as 11.30h ata as 14.30h
10. **Procedemento antidoping (1h)**
- 10.1. **Obxectivo:** Expoñer os distintos sistemas de control de doping que existen, procedementos a empregar en cada caso, consecuencias da dopaxe, sustancias dopantes e a súa procedencia, etc.
- 10.2. **Contido:** Casos prácticos de control de doping, procedementos empregados polos médicos da AEPSAD. Actuación dun árbitro/a nunha competición na que se realice un control.
- 10.3. Este é o curso que hai que facer online na AEPSPD, indicado no punto 8 desta convocatoria.
11. **Proba tutelada en competición (prazo máximo de 2 anos dende o remate do curso para facer as prácticas)**
- 11.1. **Obxectivo:** Afianzar os coñecementos adquiridos en situación real de competición.
- 11.2. **Metodoloxía:** Participación como árbitro en prácticas nunha competición oficial baixo a supervisión do árbitro/a titular. Esta participación será en todas as fases de competicións (preparación, arbitraje e valoración/emisión de actas,..).
10. **Procedemento e criterios de avaliación:** o alumnado terá que...
- Superar o curso online de “Dopaje, lo que debes saber” antes de comezar a fase presencial.
 - Participar no 100% das sesións presenciais.
 - Desenvolver e superar un exame tipo test no que se respondan un mínimo dun 70% de preguntas correctamente.
 - Desenvolver e superar un exame tipo test tras visualizar un audiovisual de supostos prácticos que amosen decisións arbitrais, no que se respondan un mínimo dun 70% de preguntas correctamente.
 - Facer unhas prácticas de arbitraje satisfactorias.
12. **Prácticas obrigatorias:** As prácticas, para as persoas que superen o curso, poderán facerse no prazo máximo de 2 anos, sempre informando previamente á EGAM do lugar e titor/a de prácticas.
13. **Requisitos de acceso:** estar en posesión da licenza federativa FEDME que cubra a práctica da marcha nórdica do ano en curso, ter 18 anos, e ter experiencia na práctica da marcha nórdica (preferentemente de competición).
14. **Perfil ideal das persoas interesadas:** experiencia como competidor/a e participación en competicións, experiencia como árbitro/a colaborador noutras competicións de marcha nórdica, ser técnico/a da E.G.A.M., ter formación deportiva universitaria ou profesional.
15. **Forma de inscrición:** As persoas interesadas terán que inscribirse en <https://fedgalmon.gal> e as prazas cubriranse por estrita orde de inscrición ata 2 xoves antes do inicio do curso.
- Link: <https://fgm.playoffinformatica.com/InscripcioWeb.php?idLliga=38>
16. **Máis información:** na Federación Galega de Montañismo tel. 986 208 758, na rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 (of. 10) en Vigo, ou en secretaria@fedgalmon.gal

